

Viveiro

Arciprestado que sucedeu en 1855 a un anterior arcediagado homónimo. Esta demarcación diocesana tivo continuidade ó longo do século XX e resistiu as distintas reordenacións do territorio da diocese, se ben con algunhas alteracións do seu espazo.

Desde 2006 está composto polas parroquias dos concellos de Viveiro, O Vicedo, Oul, Cervo e Xove. As parroquias dos tres primeiros municipios, na súa totalidade ou en parte, constituíron o núcleo espacial deste arciprestado. Así, en 1960, estaba formado por tódalas parroquias do concello de Viveiro e parte das do Vicedo e Oul, sumando un total de 17 freguesías. A totalidade das freguesías destes tres concellos formaban a arciprestado en 1988, que se completaba con outras parroquias dos municipios de Mañón e Muras, ata acadar un total de 33.